

PROPOSTA DA SECCIÓN DE CULTURA

O Auditorio Municipal carece de recursos humanos e de infraestrutura para o desenvolvemento de actividades nesta instalación, por esta razón considero que é necesario contratar a prestación destes servizos e propoño o seguinte

PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS QUE REXERÁN NO CONCURSO PARA A CONTRATACIÓN DUN SERVIZO DE PRODUCCIÓN, APERTURA E VIXIANCIA PARA A EXECUCIÓN DE ESPECTÁCULOS E ACTIVIDADES NO AUDITORIO MUNICIPAL GUSTAVO FREIRE ASÍ COMO DOS SERVIZOS DE PRODUCCIÓN NO MUSEO INTERACTIVO DA HISTORIA DE LUGO (MIHL) E DE ACTIVIDADES NA RÚA E OUTROS LUGARES ORGANIZADAS POLA CONCELLERÍA DE CULTURA DO CONCELLO DE LUGO

PREÁMBULO E XUSTIFICACIÓN

Elabórase este prego coa finalidade de establecer as condicións, medios técnicos e humanos esixibles á empresa que se encargue da prestación de determinados servizos especiais necesarios para o desenvolvemento de espectáculos e actividades culturais que a Concellería de Cultura do Concello de Lugo programe na rúa, no Auditorio Municipal Gustavo Freire e no Museo Interactivo da Historia de Lugo (MIHL)

1.- OBXECTO.

O obxecto do presente prego de condicións, a contratación, por parte do Concello de Lugo, dunha empresa especializada na prestación de servizos para a produción de espectáculos, apertura e vixiancia no Auditorio Municipal Gustavo Freire así como para o servizo de produción nos espectáculos e actividades culturais que se desenvolvan no MIHL e outros lugares organizados dende a Concellería de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua.

O contrato terá unha duración de DOUS ANOS prorrogables por períodos máximos anuais ata un total máximo de catro anos incluídas as prórrogas.

2.- DESCRICIÓN DOS SERVIZOS CONTRATADOS POR TIPOLOXÍA DAS ACTIVIDADES E ESPECTÁCULOS:

A continuación procedese a describir os servizos e medios técnicos e humanos cos que a adxudicataria deberá achegar, atendendo á tipoloxía dos espectáculos ou actividades que se dividirán en cinco tipos de diferentes:

- Tipos A, B, C, D, E: corresponderanse a espectáculos e actividades realizados no Auditorio Gustavo Freire e no MIHL.

A empresa adxudicataria deberá, na súa oferta, cubrir como mínimo o número de xornadas que se indican en cada un dos tipos descritos.

O concello de Lugo poderá solicitar da empresa adxudicataria o cambio do tipo de xornadas segundo as necesidades municipais en función da correspondente valoración económica ofertada . Co cambio de tipos de xornadas nunca se poderá exceder a cuantía total do importe da adxudicación. Entenderase como xornada as 24 horas correspondentes ao día de execución do espectáculo, podendo a empresa axustar os horarios ás necesidades de produción do evento programado.

A empresa adxudicataria encargarse da produción de eventos, entendido como a organización de todas as tarefas precisas para que as actuacións programadas polo Concello podan ter lugar en condicións axeitadas. En particular deberá manter durante todo o espectáculo que as instalacións (calefacción, luz, auga...) e equipos técnicos necesarios estean en correcto funcionamento. Encargarase da limpeza dos espazos usados durante o espectáculo (camerinos, escenario) de modo que queden en perfecto estado despois de cada actuación, así como da costura e plancha cando sexa preciso.

Ademáis do indicado con anterioridade a empresa asumirá a realización dos seguintes traballos no Auditorio Municipal Gustavo Freire:

- Administración xeral e xestión da billeteira conforme ás instruccións municipais.
- Mantemento xeral e reglamentario e atención aos equipos específicos que conforman o equipamento técnico municipal que se atope no Auditorio.
- Control e revisión permanente do equipamento técnico municipal e das instalacións xerais dos edificios e comunicación urxente de incidencias ao responsable municipal do contrato para que se proceda ás reparacións que procedan por parte do Concello.
- Manexo de plataformas elevadoras e montacargas.
- Control de accesos, apertura e peche do edificio.

TIPO A (Importe: **2.750 € -IVE** (21%) incluído- Mínimo 12xornadas / ano= 33.000 €)

A empresa adxudicataria encargarse da cobertura das necesidades de produción que se describen a continuación e, no caso de ser necesario, da apertura e da custodia da instalación, da administración xeral e xestión da taquilla, durante un mínimo de 12 xornadas / ano. As xornadas estarán valoradas na cuantía de 2.750 euros IVE incluído. A adxudicataria porá á disposición do promotor do evento o equipo técnico e humano que a continuación se detalla.

Medios Técnicos Iluminación

- 26 unidades – Proxector de recorte elipsoidal, de 750 W, con óptica zoom de 25° a 50°, con reflector de vidro, portafiltros, rendixa para portaglobos e iris ou portaglobos motorizado, incluíndo suxección, cable de alimentación, conector e cable de seguridade.
- 34 unidades - Focos PC de 1200W plus. Proxector plano convexo de 8° a 60°, carro para desplazar a lámpara con tornillo sinfín, lente de 1850 mm e espello de 100 mm. Portalámparas axustable, interruptor de desconexión ao acceder a lámpara, asa para transporte, rexilla de seguridade e portaxelatinas. Debe incluír garras, viseiras, cadea de seguridade e 1,5 de manguera de 3x1,5 mm.
- 4 unidades - Focos PC de 2000W plus. carro para desplazar a lámpara con tornillo sinfín, lente de 200 mm e reflector de cristal de 87,5 mm . Distancia de traballo de 3 a 20m.. Debe incluír portalámparas axustable, interruptor de desconexión ao acceder a lámpara, lámpara e garra de suxección.
- 14 unidades - Foco proxector para lámpara PAR 64 . Distancia de traballo de 2 m a 15 m. Debe incluír lámpara, portalámparas, 1 m de manguera 3x1,5 mm e portaxelatinas.
- 80 CH Dimmer
- Mesa de iluminación
- Ponte frontal tipo trust de 15 metros.
- Cableado, acometidas, mangueras e todo o material necesario para o correcto funcionamento do equipo.

Medios Técnicos administración e xestión da billeteira

- 2 ordenadores portátiles con procesador CORE 2 DUO 2GB 1 e disco 300 GB (ou similar).
- 2 Impresoras de taquillas modelo TERMICA CITIZEN CLP521 40 entradas por minuto (ou similar).
- 1 Impresora de informes modelo LASER BROTHER 18 paginas por minuto (ou similar).

Medios Técnicos Son:

- Equipo de PA de 3.000 W
- Microfonía necesaria para cubrir as necesidades dos artistas.
- Mesa de son cun mínimo de 36 vías, Eq. de 4 bandas (con 4 paramétricas), 8 VCA, 8 auxiliares; (Midas Heritage/Pro6; Soundcraft Vi Series, DigiCo, Yamaha PM5D RH; Digidesign, ou similar)
- Sistema de escoita en escenario con sistema sidefill (Esquerda + dereita) para a cobertura do escenario e monitores de escenario 6 caixas.
- 1 micro para Taklback

- 1 reproductor de CD
- Cableado, acometidas, mangueras e todo o material necesario para o correcto funcionamento do equipo.

Medios Técnicos Audiovisuais:

- - 1 video-proxector 5000 lum profesional con gran angular
- - 1 lector DVD-blue ray profesional

Medios Humanos:

- 1 maquinista
- 1 electricista
- 1 técnico de iluminación
- 1 técnico de son
- 1 planchador/a
- 1 xefe/a de sala
- 1 persoa encargada da taquilla
- 2 controladores de accesos
- 4 persoas para carga e descarga

PODERÁNSE ADMITIR OUTRAS SOLUCIÓN S TÉCNICAS SIMILARES SEMPRE QUE OS RESULTADOS OBTIDOS MELLOREN OS ARRIBA INDICADOS.

TIPO B (Importe: 1400 € -IVE (21%) incluído- Mínimo 40 xornadas / ano = 56.000€)

A empresa adxudicataria encargarse da cobertura das necesidades de produción que se describen a continuación e, no caso de ser necesario, da apertura e da custodia da instalación, da administración xeral e xestión da taquilla durante un mínimo de 40 xornadas / ano. As xornadas estarán valoradas na cantía de 1.400 euros IVE incluído. A adxudicataria porá á disposición do promotor do evento o equipo técnico e humano que a continuación se detalla.

Medios Técnicos Iluminación

- 10 unidades – Proxector de recorte elipsoidal, de 750 W, con óptica zoom de 25º a 50º, con reflector de vidro, portafiltros, rendixa para portaglobos e iris ou portaglobos motorizado, incluíndo suxección, cable de alimentación, conector e cable de seguridade.
- 20 unidades - Focos PC de 1200W plus. Proxector plano convexo de 8º a 60º, carro para desplazar a lámpara con tornillo sinfín, lente de 1850 mm e espello de 100 mm. Portalámparas axustable, interruptor de desconexión ao acceder a lámpara, asa para transporte, rexilla de seguridade e portaxelatinas. Debe incluír garras, viseiras, cadea de seguridade e 1,5 de manguera de 3x1,5 mm.

- 12 unidades - Foco proxector para lámpara PAR 64 . Distancia de traballo de 2 m a 15 m. Debe incluír lámpara, portalámparas, 1 m de manguera 3x1,5 mm e portaxelatinas.
- 48 CH Dimmer
- Mesa de iluminación
- Ponte frontal tipo trust de 15 metros.
- Cableado, acometidas, mangueras e todo o material necesario para o correcto funcionamento do equipo.

Medios Técnicos administración e xestión da billeteira

- 2 ordenadores portátiles con procesador CORE 2 DUO 2GB 1 e disco 300 GB (ou similar).
- 2 Impresoras de taquillas modelo TERMICA CITIZEN CLP521 40 entradas por minuto (ou similar).
- 1 Impresora de informes modelo LASER BROTHER 18 paginas por minuto (ou similar).

Medios Técnicos Son:

- Equipo de PA de 6.000 W
- Microfonía necesaria para cubrir as necesidades dos artistas.
- Mesa de son cun mínimo de 48 vías, Eq. de 4 bandas (con 4 paramétricas), 8 VCA, 8 auxiliares; (Midas Heritage/Pro6; Soundcraft Vi Series, DigiCo, Yamaha PM5D RH; Digidesign, ou similar)
- Sistema de escoita en escenario con sistema sidefill (Esquerda + dereita) para a cobertura do escenario e monitores de escenario 6 caixas.
- 1 micro para Taklback
- 1 reprodutor de CD
- Cableado, acometidas, mangueras e todo o material necesario para o correcto funcionamento do equipo.

Medios Humanos:

- 1 maquinista - eléctrico
- 1 técnico de iluminación
- 1 técnico de son
- 1 xefe/a de sala
- 1 persoa encargada da taquilla
- 2 controladores de accesos
- 4 persoas para carga e descarga

PODERÁNSE ADMITIR OUTRAS SOLUCIÓN S TÉCNICAS SIMILARES SEMPRE QUE OS RESULTADOS OBTIDOS MELLOREN OS ARRIBA INDICADOS.

TIPO C (Importe: 500 € -IVE incluído- Mínimo 35 xornadas / ano = 17.500 €)

A empresa adxudicataria encargarse da cobertura das necesidades de produción que se describen a continuación e, no caso de ser necesario, da apertura e da custodia da instalación, da administración xeral e xestión da taquilla durante un mínimo de 35 xornadas / ano. As xornadas estarán valoradas na cuantía de cincocentos euros IVE incluído (500 € IVE incluído). A adxudicataria porá á disposición do promotor do evento o equipo técnico e humano que a continuación se detalla.

Medios Técnicos Iluminación

- 6 unidades - Foco proyector para lámpara PAR 64 . Distancia de traballo de 2 m a 15 m. Debe incluír lámpara, portalámparas, 1 m de manguera 3x1,5 mm e portaxelatinas.
- Cableado, acometidas, mangueras e todo o material necesario para o correcto funcionamento do equipo.

Medios Técnicos Son:

- Equipo de son de 3.000 W
- Microfonía
- Mesa de Son de 8 canais
- 1 reprodutor de CD
- Cableado, acometidas, mangueras e todo o material necesario para o correcto funcionamento do equipo.

Medios Técnicos administración e xestión da billeteira

- 2 ordenadores portátiles con procesador CORE 2 DUO 2GB 1 e disco 300 GB (ou similar).
- 2 Impresoras de taquillas modelo TERMICA CITIZEN CLP521 40 entradas por minuto (ou similar).
- 1 Impresora de informes modelo LASER BROTHER 18 paginas por minuto (ou similar).

Medios Técnicos Audiovisuais:

- 1 video-proyector 10000 lum profesional
- 1 lector DVD-blue ray profesional

Medios Humanos:

- 1 electricista
- 1 técnico de son
- 1 xefe/a de sala
- 1 persoa encargada da taquilla

- 1 controlador de accesos

PODERÁNSE ADMITIR OUTRAS SOLUCIÓN S TÉCNICAS SIMILARES SEMPRE QUE OS RESULTADOS OBTIDOS MELLOREN OS ARRIBA INDICADOS.

TIPO D (Importe: 200 € - IVE incluído- Mínimo 13 xornadas / ano = 2.600 €)

A empresa adxudicataria encargarse da apertura e peche do Auditorio Municipal Gustavo Freire sen aportación algunha de medios técnicos e colaborará cos organizadores para o adecuado desenvolvemento do espectáculo. As xornadas previstas son un mínimo de 13 xornadas / ano (As xornadas estarán valoradas na cuantía de douscentos euros IVE incluído (200 € IVE incluído).

A adxudicataria por á disposición do concello o equipo humano que a continuación se detalla.

Medios Humanos:

- 1 técnico

TIPO E (Importe: 700 € -IVE incluído- Mínimo 4 xornadas / ano = 2.800 €)

A empresa adxudicataria encargarse da cobertura das necesidades de megafonía e iluminación para os distintos actos públicos oficiais, culturais ou festexos realizados polo concello de Lugo, tanto na vía pública coma noutros espazos interiores durante un mínimo de 4 xornadas / ano. As xornadas estarán valoradas na cuantía de mil euros IVE incluído (1.000 € IVE incluído). A adxudicataria por á disposición do promotor do evento o equipo técnico e humano que a continuación se detalla.

Medios Técnicos Son:

- Equipo de son de 2.000 W (catro caixas acústicas)
- Microfonía (micro inalámbrico de man e dous micros de conferencia)
- 1 reproductor de CD
- Mesa de son 8 canais
- 1 distribuidor de prensa
- Cableado, acometidas, mangueras e todo o material necesario para o correcto funcionamento do equipo.

Medios Técnicos Iluminación

- 2 unidades foco fresnel 2KW
- Cableado, acometidas, mangueras e todo o material necesario para o correcto funcionamento do equipo.

Medios Humanos:

- 1 auxiliar de montaxe
- 1 técnico de son

Outros:

- 1 atril

OUTROS SERVIZOS

Ademais dos 5 tipos descritos anteriormente, de dotacións técnicas e de persoal, o Concello asignará ao contrato, a maiores do anterior, unha **cantidade anual de 8000 € (IVE 21% incluído)** para asumir gastos que puidesen ser derivados de dotacións específicas requiridas por grupos ou artistas e que resultaran imprescindibles para o normal desenvolvemento da programación da Concellería de Cultura e que non se axusten ás especificacións dos tipos anteriores

A empresa contratista deberá xustificar documentalmente o gasto asumido a requirimento do Concello no momento da presentación da correspondente factura e seguirá as instrucións dadas polo responsable municipal.

3.- OBRIGAS E POSIBILIDADES DO CONTRATISTA.

A empresa adxudicataria encargarse de realizar as funcións de atención da taquilla e venda de entradas, control de accesos e apertura e peche do Auditorio Municipal Gustavo Freire. Levarase a cabo o mantemento regulamentario de equipos e de maquinaria coa periodicidade especificada polos fabricantes e, no seu caso, pola normativa sectorial que lle sexa de aplicación.

Ademais do anterior, e tamén en relación o Auditorio Gustavo Freire, será obriga da empresa velar polo normal funcionamento das instalacións, comunicando aos servizos municipais responsables calquera tipo de anomalía, sendo da súa competencia a revisión das mesmas de xeito permanente aos efectos indicados.

En cumprimento do disposto no Plan Xeral de Normalización Lingüística todo o persoal contratado deberá dirixirse en todo momento ao público na lingua galega, salvo que se lle solicite o emprego do castelán. A empresa adxudicataria cumprirá o establecido no regulamento de uso do galego aprobado polo concello de Lugo.

A empresa adxudicataria poderá axustar os horarios do persoal contratado ás condicións e necesidades de cada un dos espectáculos garantindo sempre a cobertura total das necesidades do evento programado e a súa correcta execución.

A empresa deberá ter dispoñible para cada unha das xornadas todo o material especificado neste prego e poderá empregar o necesario para o correcto desenvolvemento de evento programado.

O concello cederalle á empresa adxudicataria a posibilidade de explotar o ambigü do auditorio durante o desenvolvemento dos espectáculos debendo respectarse en todo momento a normativa vixente en materia de tabaco ou venda de bebidas alcohólicas. Tódolos produtos servido deberán cumprir tódolos aspectos que especifica a normativa que en cada momento este en vigor.

Queda prohibida a instalación de máquinas recreativas ou de vending por parte da adxudicataria.

A empresa adxudicataria poderá dispoñer do edificio do Auditorio para albergar os equipos técnicos adscritos a este contrato nas xornadas nas que non exista actividade na instalación. A responsabilidade sobre a custodia dos equipos albergados no Auditorio Gustavo Freire non recaerá nunca no Concello de Lugo.

Lugo, a 6 de febreiro de 2013